


Opcións básicas de reunións

Unha vez que estamos dentro dunha reunión aparécenos unha pantalla con múltiples opcións, imos ver as esenciais que nos permitirán xestionar a reunión dun xeito eficaz.



Empezaremos pola barra inferior. Nela aparecen as opcións máis importantes amosar contidos ou ben para interactuar con participantes. Vexamos as súas opcións por orde:



Silenciar Este botón permitiranos deixar o noso micro en silencio ou activado (o recomendable e telo en silencio sempre que non queiramos comentar nada). Ademais premendo sobre a frecha, permitirá cambiar e configurar a fonte de audio.

Iniciar vídeo E moi semellante ao botón anterior, permitindo iniciar ou paralizar o vídeo. Se temos problemas de ancho de banda recoméndase non usar o vídeo. Na frecha lateral e ao igual que no botón do son, podemos configurar os parámetros do vídeo.

Compartir Esta opción non sempre está habilitada, dependerá das restricións que estableceu o organizador da reunión. De estar habilitada permitiranos amosar toda a pantalla do noso equipo ou un programa particular.

Dende compartir tamén poderemos compartir a visualización dun arquivo, abrir o outro programa ou compartir unha lousa. No caso da lousa permitiranos (ao igual que se o arquivo é unha imaxe) realizar anotacións sobre un fondo, debuxar frechas, cores.... Pero todo iso deixámolo para as sesións de avanzado ;).

“Grabar” Como indica o seu propio nome, dende este apartado poderemos gravar o contido e gardalo na nube ou no propio PC.

“Otras opciones” Dende aquí poderemos cambiar as fontes do son e do vídeo, así como outras opcións interesantes como son:


- **Bloquear reunión.** Impedirá que calquera alumno entre directamente, quedando no lobby á agarda de ser admitido. (moi útil se botamos a alguén para que non volva a entrar).
- **“Invitar y recordar”** Permítenos realizar invitacións de última hora, podendo enviarlles a invitación por correo. Tamén poderá lembrarlles da reunión aos participantes que aínda non se conectaron.



- **“Copiar enlace de la reunión”**, como ben di o título, permitirá copiar a ligazón para poder entrar na reunión e poder compartila por calquera outro medio (por exemplo por Whatsapp).
- **“Finalizar o salir de la reunión”**, son opcións diferentes, o primeiro remata a reunión e pecha o programa, o segundo pecha o programa e queda a reunión aberta, polo que os que estiveran nela poderán seguir conversando.

Participantes Este é un dos primeiros paneis laterais que vos aconsello ter abertos. Dende este panel poderemos atopar aos participantes conectados e o seu estado, vendo se teñen o vídeo e audio activado, así como se pediron ou non a palabra (icona da man).

Facendo clic dereito sobre cada participante poderemos realizar accións sobre o mesmo, estas opcións serán moi básicas se somos participantes e avanzadas se somos organizadores. Das mais esenciais son as de Desactivar silencio (tamén o pode facer el dende o seu pc), deter vídeo, mover ao lobby e expulsar.



No caso de expulsar a algún participante, este terá que volver a unirse á reunión e dependerá de como estea a reunión configurada, volverá a entrar directamente (por iso non debes de

perderte o seguinte manual chamado **Planificación “Avanzada”**. No caso de movelo ao Lobby, podemos volver a admitilo se queremos.


No pé do panel aparecen as iconas de silenciar a todos e de desactivar o silencio a todos. É recomendable que se silencie sempre a todos os participantes (sobre todo aos que usen dispositivos como teléfonos ou tabletas) xa que se pode producir eco un moi molesto.

Chat permitiranos escribir texto tanto de xeito que nos vexan todos como de xeito particular con cada un dos participantes.

Notas permite realizar anotacións ao longo da reunión (pode non estar habilitado)

“Sondeo” ten que habilitalo o organizador e é para realizar preguntas e así incentivar a participación dos asistentes.

Por último na parte superior hai dúas iconas que nos permiten mudar o xeito de visualización, a primeira parella permítenos ver a todos os participantes en cuadrículas pequenas ou ben ao participante que está a falar en grande.



A icona de máis á dereita permite visualizar en pantalla completa cos paneis de participantes, chat, notas e sondaxe de xeito flotante.